

# SAN CAMILO OU A PEDAGOXÍA DA BESTA



**Un relato de malos tratos nun colexio academia de bachelato, na década dos cincuenta do século XX, na cidade de Ferrol**

**Autor: José Luís Calvo Casal  
Ilustraciones: Pedro J. Rey Alarcón  
Enero 2022**

## INTRODUCCIÓN

O que vostede vai ler non é un relato de ficción, é a pura realidade dos malos tratos que sufriron alumnos na cidade de Ferrol na década do cincuenta do século pasado, aínda que viñan sucedendo dende moi tempo atrás (décadas trinta e cuarenta) e máis adiante (anos sesenta e incluso setenta, según testimonios) nunha academia de bachelato de nome Rapariz, sendo Camilo Fernández o seu director e protagonista principal; un nome que quedou grabado para sempre na memoria de centos de persoas que tiveron a desgracia de pasar polas súas aulas, quen, nambergantes, chegou a súa vellez sen dar conta de nada e sen que ninguén llo pidera, por unha banda porque naquel tempo cando máis se empregou a violencia na academia, estíbese nun réximen autoritario imposto pola ditadura franquista que facilitaba a impunidade dos malos tratos, e por outra, pola capacidade de ese home de moverse entre o sector dominante e cultural da sociedade ferrolán, e solapar o lado besta da súa personalidade que inmisericorde activaba no centro educativo.

Camilo Fernández ensañouse con moitos alumnos, máis non foi él só quen maltratou naquela fauna profesoral, anque si o máis malo deles, donde outros energúmenos emulaban ao xefe a repartir estopa con moitísima fe.

"San Camilo o a Pedagogía da Besta" sintetiza o bipolar comportamento dun personaxe quen pasaba nun intre de empático e amábel a cruel canalla transfigurado en besta, puro nervio entre berros, ameazas e paus, un círculo pechado de maltrato físico e psicolóxico.

O presente cíñese aos cursos 1995/96 e 1996/97 cando eu estiven alí de alumno.

Querido lector, querida lectora, a testemuña que vas ler ten a súa orixen no borrador que eu redactei co mesmo título a primeiros dos anos oitenta como terapia psicolóxica para desfacer da miña mente o barullo emocional dun feito impactante que me sucedeu nunha visita que fixen a Ferrol, onde facía tempo que eu non residía. Tal circunstancia, e o motivo de que "San Camilo o la Pegaogía de la Bestia" fora publicado catro décadas despóis de redactar aquel borrador, vouno explicar.

Ao velo sentínme como un neno de escola e quedeime sen folgos un intre paralizado, sen capacidade de reacción, o que doleume moito porque eu tiña trinta e catro anos e traballaba de mestre no ensino público. Molestoume aquela perda de control.

Psicolóxicamente desarmado, dinme conta de que eu aínda tiña anclado nos circuítos cerebraís un traumatismo emocional de neno que, a pesar do tempo transcorrido, activouse nada máis volver a ver a causa que o orixinase.

Daquela visión sorpresiva e real, e pola reacción psicofísica que o efecto produxera, foi o motivo de darlle forma escrita ao contido da memoria co fin de liberar a mente, o que me servíu para depurar boa parte dos medos e dos traumas que aínda estaban arquivados no fondo do subconsciente do cableado neuronal. Non de

todos, porque "a marca da casa" quédase ata o final. Superada a catarse e cumprido seu fin, o escrito quedouse arquivado en formato borrador.

Así as cousas e cando xa pasaran daquelo casi trinta anos, un novo acto abriuse na escenificación desta historia, ao publicar La Voz de Galicia, en xaneiro 2013, na sección "Ferrol, Ferrol, Ferrol, onde eu nacín", unha entrega sobre Camilo e o maltrato na academia Rapariz, redactada por Siro López Lorenzo, destacado artista galego de artes plásticas e articulista xornalista de reconocido prestixio.

Aquel artigo e outro máis que Siro de seguido publicara polo impacto que causara no entorno da familia e nalgúns membros da sociedade ferrolá, agradecínllelo ao percibir que aquela historia miña dende neno era compartida e feita pública. Benestar que medrou cando algunhas vítimas que o leran chamáranos agradecidas e reconfortadas.

Nin que dicir ten que, de súpeto, a súa lectura impulsoume a remitirle o escrito en borrador para que el se vira igoalmente reforzado e soubera da miña aportación á memoria do caso. Despois falamos ámbolos dous e animoume a que lle dera forma definitiva, aínda que tiñan de pasar outros oito anos, pois as cousas da mente levan o seu tempo de maduración, non entenden de reloxos nin de calendarios e a razón tense que acomodar.

Cando en 2013, La Voz de Galicia o fíxo público, prodúxose un certo malestar e conmoción naquelas persoas que o lembraban preto e sedutor, nada semellante ao que "o impacto Siro" púxolles fronte a fronte, ben porque uns descoñeceran o seu rol maltratador ou porque outros, ao contextualizalo nun mundo dobregado pola ditadura, relativizaron as malleiras que dera un suposto respectable pai de familia.

A sociedade ferrolá, cubreu aquilo cun tupido veo e cada unha das vítimas debeu levar por sempre pola súa conta a carga dos feitos na súa memoria.

A dita contradición, estudada e acuñada moitos anos máis tarde por Hannat Arent (A Banalidade do Mal) fai de Camilo un exemplo perfecto: o dun suposto bo pai de familia e cidadán exemplar que apaleou aos seus alumnos no cumprimento do deber de mellorar os rendimentos educativos eo honor da academia, sen asumir conducta disruptiva alguna no orden ético e moral da sua conciencia, polo cal, aplicouse dilixentemente, sen ningún reparo, en utilizar os medios adecuados, coa intensidade adecuada, nun momento político adecuado que o sostivo e amparou, igoal que fixeron outros mestres Camilo que abrollaron naquela España morta e formaron parte da paisaxe.

Como queda dito, Camilo Fernández, tiña unha dobre personalidade. No texto represéntase a sua afición á lírica, do que presumía, romántico e sublime, nun recital que deu na tarde dalgún sábado ante a presenza de alumnos e algúns profesores; mais, a sua vez, o texto reflexa o Camilo Besta nas testemuñas das voces

anónimas da miña propia experiencia e do que vin, entreverado polo fío argumental que conforma o relato.

As ilustracións son de Pedro J. Rey Alarcón, xa morto, mestre e compañeiro meu no CEIP "Cerro Coronado", de Málaga, nos anos oitenta, ao que un bon día mostreille o borrador e pedínlle a súa aportación como dibuxante. Agora, texto e ilustracións considéroos inseparables xunto ao cariño e respecto a súa memoria.

Como colofón van os dous artigos de Siro López Lorenzo na Voz de Galicia, e algunhas testemuñas de antigos alumnos que baixei de Internet.

## SAN CAMILO OA PEDAGOXÍA DA BESTA

As verbas e os xestos de Camilo o Santo no seu recital poético na Sá de Estudo da academia transubstancian as angurias semanais dos alumnos en espazos de paz adulterada.

Sáenlle ao Santo (coa Besta agochada no seu intrínseco mental) verbas eternas, graves e profundas nunha tarde cincuenta dun grosso día. Dende os pupitres olladas abatidas de tenrura impostada, mixtura de emocións na cita poética da Besta Santo ou do Santo Besta, que tanto da...

Unha mestura de difícil dixestión: odio, amor, besta, anxo, poesía, látego, pau, cenoria... Unha van

pretensión de armonía onde só hai medo despois dunha semana de terror, alí, ante as mesmas fauces do bifronte.

No estrado, a bandeira de España co tempo decolora presume xestas inmortais cos símbolos golpistas da guerra. Un xarro con froles dalle un toque amábel ao acto culto e ás bágoas esvaran nas meixelas de quen se durme nos loureiros.

"Iste poema escribinno en Madrid baixo a sombra dun árbore nun banco do Retiro..."

(se emociona)

Nenos en pupitres xímen en silencio na sá catacumba, paxariños sen ás, obrigados ao tedioso artificio de estudar para o día de mañán, baixo a presión das malleiras.

Paxaros que adeprenden reverentes, reclinados, naquel lugar de laios, onde caen, como lóstregos, os paus en mans e nádegas, namentres as verbas da Besta, agora Santo, volutean lirios e papoulas, e os coitadiños abafados, a tremer, fronte ó basto que preside as aulas.

Paxariños sen ás, ristras e máis ristras deles a viaxar sen brúxula pola neboeira tarde da sinistra Sá de Estudo, donde o arte do poeta non logra transmutar o acto en Parnaso nin aliviar á pesada carga dos ombros destes xóvenes discípulos.

Tampouco as verbas de amor adormecen os sentidos nin afogan as mágoas nin sufoca o fogo do

estigma que cadanseu paxariño leva ardendo entre suas mans.

Loas para os de nervos de aceiro, para os que moven os beizos e recitan leccións adeprendidas de memoria sen un só erro... para os demáis, nin o mesmo inferno baste.

Xustifícase á modificación das conductas pola forza da represión: estancias en seonxos no duro terrazo da Sá de Estudo, azotes en nádegas e mans, labazadas que proen nas fazulas, ceros a espuestas, desprezos, saídas ás nove da noite.... O Santo desdóblase en Besta cando cadra e dirixe á batuta do maltrato cando quere.





*"A mín espetoume un cravo oxidado na man dereita. Foi ao término da clase. Non sei o que pasou porque a estaca non estaba e mandou a un alumno a por outra ao patio exterior, a que á topara entre os encombros dunha obra. Non a examinou, e coa mesma, como eu era o primeiro da fila, suxetoume á boneca e atizoume con moita violencia. Sentín unha dor punzante horribel. Púxeme a berrar. Foi na palma da man dereitada e brotoume moita sangue. Él a dicir ¡Non se poña nervoso! e eu cheo de pánico. Logo levoume a seu despacho e fíxome as primeiras curas. Chamou aos meus pais e practicou o número das disculpas. En fin, arreglouse. Era o que había naquel tempo."*

*"Nambergantes, a min veume vir pola rúa camiño da academia. Paroume sorrindo e preguntoume se me gustaba xogar ao fútbol. Logo deume un caramelo e aínda tiña máis no seu peto. E unha palmadiña nas costas."*

Poucas son as veces que chega cachazudo ¡Hai que velo nas aulas dirixirse amable aos seus alumnos e facerse o gracioso! As risas de alivio se desatan festivas e algunha gargallada.

*Ebrio da mel que adoba os seus sentidos, estase o poeta a imaxinar a coroa de loureiro prendida na sua testa ¡Qué felicidad a sua ante as loanzas! Repasa o seu cabelo coa man dereita e reparte olladas de ledicia.*

Qué ben recibilo de tan bon humor, se non fora que baixo a aparencia de Santo dalle unha arroutada e convérsete en Besta. "Castro, vaia a Estudo e traiga a

estaca". A espera faise tensa e ás mans xa doen.  
"¡Vostede, peche as fiestras!" ¡Loado sea Deus!.

¡Cómo goza o lírico momento! Cuns repasiños polo seu cabelo coa man dereita imaxina a coroa de loureiro prendida na sua testa e reparte olladas de ledicia.

"Non foi o que pasou, sinon o que veu, o que me fixo sentir...." (recita)

Sempre en traxe e gravata, faciana alargada, corpo máis ben fraco e certa altura en traxe e gravata. Vida e morte na sua ollada, pómulos saíntes e mans firmes para interpretar mellor a partitura de laios. Anda a zancadas imperiosas, si ben, na rúa camiña paseniño si a sua beira leva boa compañía.

Ás paredes retumban cando fala e non ameaza en van. ¡Qué preparen nádegas e frotar de mans cando aperta dentes e tensa o queixo! "Non nos doerá si aturamos a respiración". E si ten ou non unha úlcera no estómago, os xestos son que lle doe en clase. Nese caso ¡ay dos coitadiños!

San Camilo é a ortodoxia da pedagogía anclada na Edade Media. Métodos concluíntes e definitivos. Non perde o tempo coa didáctica, él vai polos ataxos. Fanático da línea ancestral de catigar o corpo para salvar o alma, é un produto das malas dixestións do sistema.

Ahí o teñen vostedes a pedir agora atención e repartir as verbas pola vencida escena. Nun silencio ensaiado retira da sua testa unha guedella de cabelo,

recolle a papanata devoción dos servíes profesores e sorríe aos nenos doutro mundo.

"Iste outro escribinno ao estar convalecente en..."

Pródigo en executar sentencias dictadas por él mesmo, ten brazos a soldo, algún tan capaz como seu xefe. Contradictorio ao máximo, ben e mal feito persoa, dúas caras dunha mesma moeda. Asume que o ceo está posto ao seu servizo para á bela causa. Nace Santo Besta na noite dos tempos e non morre nunca.

*"Un día chuvioso de outono, suspendéronse as clases. "¡Todos a Estudio!" "¡Veña... a Estudio!". A sá gran da academia estaba chea ata os corredores laterais con moita espectación e medo colectivo, pola chegada de Camilo, o director.*

*"Aquí teño a lista dos alumnos que anteonte e onte mesmo fóronse sen cumprir o castigo ata as nove da noite e iso vaise acabar con un escarmento. Conforme diga o nome acérquense. Enrique... ¡ser...vi...dor! ¡Veña acó!.*

*O neno vai paseniño a paseniño, morto de medo. Agarrouno e plantouno de seonxos nun banco, inclinoulo cos cóbados no pupitre e mallouno con forza nas nádegas coa estaca de turno. Logo de pé deulle dúas labazadas e mandouno axeonllarse ao chan.*

*Igoal foi facendo con outros ata que chegou a un tal Muíño, de terceiro curso, quen, dende ó seu asento,*

*explicoulle o motivo da "fuga". Dixo que ó seu pai mandáralle non quedarse porque dáballes clases de repaso na casa. Iso o puxo fora de si. ¡Vide acó! ¡Vide acó!. "É que meu pai..." máis ao chegare perto a porta de saída, xirou rapidiño e foise escadas abaixo, ata a rúa.*

*Os berros, imprecacións e ameazas moito nos impresionaron, no particular o seu vocabulario de cova doutros tempos. E como, Camilo, lembrárase que os Muíño eran tres irmaos, berrou ¡Qué veña Muíño o de sexto. O Muíño de xesto púxose de pe e veña a dicir que seu irmao tiña permiso do seu pai. ¡Vide acó!.*

*O Muíño acercouse, máis ao chegare onde él, tras volverlle a insistir no permiso do seu pai, recibiu dúas labazadas de cuidado. Entón, o mozo, que tiña forza e era gran, suxetouno pola pecheira con ambas dúas mans, ergueuno un cachiño do chan e díxolle: ¡Se vostede non fora maior...! Soltouno e foise polo camiño do seu irmán.*

*Tras un tenso silencio e saír do paralís que o Muíño provocáralle, ollounos fixamente, remexou nos cabelos con nervosas mans e díxonos que isos dous alumnos quedaban expulsados e que nunca máis farían o bacharelato en centro algún. Mais entón lémbrese de que hai outro Muíño na sá, o de segundo curso, ao que chamou as voces que fose onde él e díxolle ¡Toda á culpa tena o seu pai! Entón, o neno, sin pensalo, liscou a rua a fume de carozo, tras os seus irmáns.*

*¡Outra vaca no millo! Veña a esbardallar que si esto, que si o outro... todos nos impresionados, mais, sin*

*dúbida, orgullosos do que fixeran cada un dos Muiños. Ese día salváronse os seguintes alumnos, se suspendeu a traca.*

*¡Expulsados, expulsados os tres! ¡Vanse acordar de min...! Ao cabo duns días as augas volveron ao seu canle. Non pasara nada. Muíño, o pai, ao parecer militar de carreira, e Camilo, arregláronse. Houbo conversacións, organizouse o número das desculpas, etc."*

Certos profesores son feles acólitos do lider ensalzado e cumpren devotamente as tarefas do altar. "Hai que pór término aos alumnos incompetentes", pensan, mentras lamben a estampiña do Santo, e si ben menos medo se lle ten a esa especie excluyente da pedagogía, atizan duro e con moita fe. Outros limítanse a rír dos alumnos. O resto, uns poucos, respectan e fanse respectar. Son docentes de sinaturas marxinás: Relixión, Debuxo...

*"Nunca esquecereime dun deles de alcume Patata. Odiaba aos nenos, téñolo moi craro. Proxectaba insatisfacción e infelicidade ¡Qué labazadas nas fazulas!. As veces, obrigábanos a escoller entre o cu oa faciana e custábanos dar unha resposta. Certo día díxose ao primeiro da fía ¡Qué escolles? ¡No cu o na fazula? Iste escolleu no cu e así varios máis ata que o derradeiro prefireu na fazula. Pois ben, aos do cu atizoulles do lindo e ao outro só deulle unha leve labazada na fazula. Era un sádico."*

Fora certo ou non, corría pola Sá de Estudo un feito que aos alumnos confortáballes oílo. Díciase que sendo responsable dunha clase de cultura xeral, ameazara

con mallar nun alumno, a quen berraba, cheo de furia, que o ía matar. Nunha clase ao seu carón, alguén lle tiña moita hinchada por abusador e bravucón e dáballe coraxe oílo. Como queira que non puidera conterse, saleu da sua aula, entrou na del, botóuselle, suxetoulo polo peito e berroulle ¿A quen vai matar vostede? Seica din có tal, desencallado, blanquiño e sen folgos, pregáballe ¡Solte! ¡Solte!, e que o alumno xusticeiro, que ao final fora expulsado, rompéralle o xersei polo medio, quedando aberto en dúas partes.



Na Sá de Estudo o tempo dicurre morto entre clase e clase anque no fondo non deixan de comunicarse entre eles. Estase alí a bulir unha vida clandestina de baixo son, para eludir a man fácil do androide vixilante.

Entran e saen colectivos de alumnos que semellan barquiños no peirao. Intercambian noticias e se informa do mal o bon humor dos profesores. Xeralmente se impón o silencio a base de labazadas e seonxos no chan. Delo encárgase ó androide, un home que pasa e repasa o corredor central da sá, na dobre sesión de mañán e tarde. Cando pon fin a súa xornada sustitúlleo outro vixiante, de seis as nove da noite, na sesión dos castigados.

*"Por qué fuxiste de min, volvoreta traicioneira..."* (recita lastimero)

Alí, os que interrompan o estudo ou tarefa, poden recibir unha labazada sorpresa ou sufrir largo tempo de seonxos. O androide encárgase tamén de atender aos que chegan de sufrir unha sesión de aprendizaxe coa correspondente lista, que repasa a fin de expurgar dela aos que teñan ceros e darlles catro fortes estacazos nas nádegas, máis algunha labazada.

A pesar da represión, os alumnos preveñen o maltrato e fan contravixilancia para sortear as acometidas do androide e sobrevivir nun mundo subterráneo, onde xurxen películas, contos, historias de barrio, planes... anque, de cando en vez, escóitanse os guantazos cos berros engadidos.

*"Faría unhos vinte minutos que estaba eu a repasar unha lección na Sá de Estudos e, xa farto, o*

*mesmo que o meu compañeiro, ambolosdous puxímonos a falar baixiño para que o vixilante non ouvira. Non sei como foi, o caso que, sen esperalo, caeume dende atrás unha trompada de campionato no colo e parte da meixela dereita que conmoveume o interior do cranio. Xunto a sorpresa ea dor, coas bágoas a anegar os meus ollos, teño que engadir o enfado e á impotencia que me deu. E grazas que esa vez non me enviou de xeonllos ao chan."*

Os alumnos adican o tempo a repasar leccións e falar baixiño. Si o moumeo xeral sube de volumen, actívase o mecanismo rutinario e soa un berro o un forte estacazo na mesa da tarima. Si o alumno quere ir o water hai que pórse en pe e esperar a ollada daquel para que lle dea vía libre. Si a da, uns minutos no servicio é unha liberación.

*"Estábache eu no cuartiño do water da Sá de Estudos e aproveitaba para ollar pola fiestra a liberdade exterior, en isto que elevouse o son do moumeo dos alumnos e, de socato, fortes voces e silencio. Despóis diso, un estrondo como se foran mobles a bater entre sí, e voces do Camilo, o director. Él, en persoa, fora entrado a impoñer o orden. Dada a situación, deixei pasar uns minutos ata que volveu o silencio. Logo contáronme que cundera o medo. O Camilo baixara frenético cunha clase, a golpes e berros."*

Sá memorabel, reducto de intelixencias en salmoira, aparcería quente de enerxía reprimida e aplacada. Cóbados e peitos envorcados en tableiros afanan grafos e guarismos para o día de mañán. Os erros do estudo cóbranse en malos tratos; non hai outro misterio na mística bifronte. Xa na clase, han de se facer catro



preguntas e caerán ceros polos fallos do recitado de memoria. A molenda alí mesmo ou na Sá de Estudo, baixo o poder do androide vixilante. Non hai fuxida. Cúmprese a metodoloxía.

*"Tiñamos unha profesora de xeografía. Estivo pouco tempo e fora moi competente; boa persoa, educada e respetuosa cós alumnos. Con ela deprendíamos ao dictado de apuntes sen necesidade de libro. Pois sucedeo cunha ocasión puxo un cero xeral, enfadada con nos. Dixémoslle ó dos paus na Sá de Estudo polos ceros e non o cría. Non podía ser unha malleira por un cero, dicía.*



*Cando chegamos a Estudo, o vixilante sorría ao ver tantos ceros e arremangouse. Comezaran os estacazos no cu, e ao rato apareceu ela, supoño para comprobar que non pasara nada, namentras o androide atizaba a un. Enfadouse bastante e discutíu có androide que movía os brazos sin soltar á estaca. Ganou o malo, porque ela foise moi indignada. Xa non volveu, e deixou a academia."*

Na Sá de Estudo combátese o tedio e engaiólase á agulla do reloxo. Os instantes máis ledos, por dicilo así, danse cando os alumnos xogan clandestinos a aturar cóxegas, a respiración, o riso, aos submarinos... Os nenos xogan ata baixo un bombardeo. Mais todo remata ao chegare un profesor que os leva contritos a darlles unha clase.

"Iste poema compúseo fai un ano en Madrid nun corto viaxe. En un banco do Retiro vira pasar a xente e encheime de nostalxia pola miña terra..."

*"...e o manto de area da miña praia batida..."*

Sá de Estudos para xuízos fulminantes. Sá de Estudos para recitaes e choros. Non hai lugar para a fuxida deste laberíntico túnel. Os enfermizos e sensibles sucumbirán máis cedo que tarde. Caerán no abismo do fracaso polos tobogáns dos ceros ata os suspensos de xuño. Logo virá un verán aínda máis aburrido para purgar os erros.

A didáctica da Besta apreta os parafusos na criba escolar polo bon nome da academia. O se adeprende

de memoria sen descoido nin fallo o ao albero das feras, esas feras que arremeten nas noites axitadas e causan máis espanto cás feras reás do día. Estamos na España do látigo e San Camilo / Besta e un adalide na cidade de vértigo.

As veces chégannos novas que nos afoutan: O Santo agoniza e a Besta vai morrer no seu fogar, pois Camilo é dúas persoas nun só director, o misterio da Santísima Dualidade.

Có fin cá palme dunha vez, préganse oracións a Deus misericordioso que o pode todo, a ver se o lobo vaíxe xa ao mundo do descanso ¡Enorme decepción! Se cabe chega máis forte, máis robusto, máis Besta, desbordado en saúde. Os desexos non sempre fanse realidade. Neste caso nunca.

*"Lémbrome do afilelapis de manivela que mercamos os alumnos por mandato da academia. Unha pequena máquina para afiar lapis de todos os grosos para manter na mesa que presidía a Sá de Estudo, a suxetar con parafusos. Os libros da biblioteca tamén foran mercados do mesmo xeito, a pagar unha cuota semanal durante moitísimas semanas. Aínda teño presente aqueles libros que casi nadie lía polo difícil acceso a eles.*

*Mais, volvendo ao dos lapis. Unha mañán ao entrar, o vimos posto nun recanto da mesa ¡Imaxínense! á mañá e á tarde colas de alumnos á afiar os seus lapis ¡Qué ledicia dábanos o manexo da manivela, e ver, nun instante, a puntiña do lapis afiadiña e limpa! ¡E ás virutas en espiral ao descargar o vixilante, cada dous por tres, o caxonciño cheo delas! Tanta ledicia daba que partíamos a*

*punta no primeiro intento de escribir para volver darlle á manivela.*

*A faciana do androide era un poema. Ordenaba a fía, interviña nas disputas e veña a esculcar se levábase o lapis descabezado. O pior é que poñíase dos nervos cando tiña que extraer moitas veces o caxonciño das virutas para deixalo valeiro.*

*A ocorrencia complicóuselles, á maquiñiña era nosa e prohibida, un problema. Así e todo, durou unha semana. Non a volvimos a ver. Logo nos enteramos cá tiña o Director na mesa do seu despacho. Polo visto non a merecíamos por pouco responsables. Se a deixaran unha semana máis, ao mellor remitían nosas ansias de novidade"*

Circulan na Sá de Estudo rumores dunhas cartiñas do seu puño e letra que recibe a dona dun kiosko, e si o Barcelona perde ao fútbol, o luns entra coa faciana Besta e os alumnos a tremer. Se gaña, nese caso entra calmo, anque o final da clase sexa impredecible Os domingos pendentos do resultado nas radios hogareñas.

*"Na planta baixa había un aula destinada a laboratorio sen mobles nin material. Conforme se entraba, a esquerda, sentábanse os alumnos nunhas gradas en escada. O aula o presidía unha mesa de pedra e, ó Santo, desdoblado en Besta, esperábanos sentado.*

*Na mesa "do tormento" (quedóulle ise nome), tíñamos que dobrar o corpo, reposar os cóbados e recibir as racións de paus correspondentes nos nosos traseiros.*

*Naquela aula dábanos clase de gramática castelán. Nas gradas esperábamnos calados e formalíños nun ambiente tenso polo medo. Viña entón, e de pé fronte a nos, clamaba ¡Pónganse en pe os que saiban a lección!. Cheos de susto poñíanse de pé unhos oito. ¡Ben, ben...! Os de pe, si erran unha soa das preguntas, van levar máis paus cós sentados ¡Pénseno ben! E, craro, dos oito, pouco a pouco, vaisen sentando varios. Os que quedan son os de nervos de aceiro.*

*Esixía todo de memoria, unha carrerilla de verbas tal como viña no libro e sen titubeos. Ao primeiro erro ou titubeo, quedaba sinalado para o reparto das racións de xarabe de pau.*

*Ao final da clase, collía a estaca, poñíanos en fía de a un e, de seguido, pasábanos pola mesa dos tormentos. Sobre nos, unha man tensa e firme dobrábanos, e logo sacudía con forza rápidos estacacazos ata o empuxón final.*

*O castigo doía a rabear, cadanseu coas mans nas nalgas a contorsionar o corpo, laios e choros. Despóis, na Sá de Estudo, o vixiante deixábanos en paz porque xa víñamos servidos.*

*Nambergantes, algúns, en contadas ocasións librábanse ao facer como se lles dera duro, camuflados no rebumbio entre os afluxidos, e simular coas mans e refregar ás nádegas*

*Fun testigo da malleira dun alumno que conmocionara a todos. Como non soupera a lección o*

*Camilo, fora de si, deulle á arroutada de lle lanzar á pluma estilográfica, mais ao sair da man caéralle un chorriño de tinta azui na chaqueta do seu traxe marrón craro.*

*Ao coitado deulle tales labazadas do dereito e do revés que derribouno ao chan para seguir dándolle. Eu non poido esquecerme daqueles berros "¡Don Camiliño, por deus, non me pegue máis!. Foi impresionante, máis aínda que era un alumno forte, dos que aturaban moito. Nunca poderei esquecer aqueles berros nin a violencia nin ao descomunal maltratador."*

Naquela fauna docente hai unha personaxe a quen sucesivas promocións dícenlle de alcume Ollo Puto. Profesor fiei onde os acha, rí as parvadas do Santo e apraude as súas decisións. Olla de esguello, e certo, máis se merece o de Ollo Puto polo peloteo á voz do seu amo.

Outro é D. José, a quen lle din Kakota porque fai tempo, contan, que soltáranlle nunha clase un monillo que ó asustou e fíxolo berrar ¡collan ó jorila! Iste é o crego da sinatura de relixión. Boa persoa. As veces fai números especiais repartendo labazadas cando fanlle perder a pacenza. Entón, o alumno cúbrese a testa coas mans e non recibe ningunha, porque o home fai o xesto de dar moi forte e dalles floxiño, de tal xeito que libera a súa agresividade e eles a rir.

O profesor de Política (Formación do Espírito Nacional) é un falanxista. Fálanos dos bos e dos malos. Os malos son os roxos e di deles cousas horribles. Asíntende a historia. O Caudillo é un digno pastor e o rebaño

débelle obediencia para gloria e salvación da patria. É educado e fala calmo. Faise de crer.


*"Cheguei á casa e preguntéi á miña nai cómo eran os roxos, pois viña da academia dándolle voltas ao que dixera o profesor de Política. Meus pais quedáronse calados, pois os tempos non estaban para falar desas cousas. Entón, unha da miñas tías que estaba de visita, púxose a rir e díxome ¿queres saber como son os roxos? Pois aquí tes un, ¡teu pai! Aquelo serviume para saber que os roxos non eran o que o outro dixera, porque meu pai era bon (un mestre depurado polo franquismo)"*

*"Unha mañán, ao chegar a academia vin uns cantos falanxistas na porta veña berrar ¡Á manifestación! e que fóramos a un punto da cidade, que non habería clase. Formouse unha barullada. A Maior parte fumos polas rúas en pequenos grupos, e algunhos polo peirao. Os falanxistas a por outros colexios e academias o mesmo que os piquetes das folgas de hoxe. Houbera unha concentración cun discurso mitinero contra o comunismo. Ao chegar a casa, enterámonos de que ós rusos invaderan Hungría. Era o mes de novembro de 1956."*

San Camilo é un astro que brila con luz propia. Sua presenza na institución infunde carácter. Nadie escapa ao seo intenso influxo. A marca da casa rexístrase na mente de centos de alumnos para o resto dos seus días.

*"Eu son unha nai de familia. Asusteime moito cando vin as nádegas do meu fillo. Él decía "mamá, non poido sentarme". Non o podía crer, era carne viva, non había pel. Meu home indignouse e quixo ir dereito a falar*

*có Director, si, con don Camilo. Non o deixei, e custoume convencelo. Fun eu quen estiven discutindo con él máis dunha hora. ¡Señora, vostede non vai vir aquí a enseñarme pedagogía! berraba. ¡Vostede saberá moita pedagogía de libro, máis non ten nin idea de levala á práctica! ¡E non volva a mallar no meu fillo! ¡Señora...señora! ¡Seu fillo quedará feito un burro! e veña a dar co puño na mesa.*





*A partir de aquilo preparei unha capiña de algodón para o neno na culera có fin de que non lle doera se lle daban. ¡Cómo tiña as nádegas! ¡O qué houbo soportado!. Meu fillo non foi favorable, dáballe vergonza, e non quixo, porque vira algún outro ao que lle deran có pau na Sá de Estudo e soaba a fofo, ¡plof, plof! ¡Sáquese os farrapos do cu! berráballe, e logo a rirse del e darlle máis."*

O que pretende o pedagogo de silveira cós alumnos é que teñan asumido sentimentos de culpa e se encarreiren contritos ao amor polos estudos coa aplicación da terapia de pau.

Non é iso o que consegue a brutalidade do método, si non a desolación e anguria nas mentes pecadoras. O que lles poñan ceros non son só pedras no camiño ata o fracaso estival, é moito máis, xunto as malleiras, os insultos eos desprezos. Son ás alteracións psicossomáticas cronificadas ao lonxe da vida e verse afectado o sistema nervoso, o aparato dixestivo, etc.

*"Unha mañán saía, como sempre, da miña casa para á academia.. Narbergantes, ise día non podía dar un paso máis, as pernas puxéronse a tremer e fallábanme os seonxos. Ao mesmo tempo quedeime sen forzas, crin que morría. Regresei a miña casa como puiden e metínme na cama. A miña nai asustouse. Conteille que isa mañán tiñamos clase onde á mesa dos tormentos e que perdera as forzas. Non podía estar de pé. Estíven na cama uns dez días coa mente posta no que a cada hora pasaba na academia e sin fame algunha.*

*Veiu o médico e díxonos que era unha forte impresión nervosa que viña do trato aos alumnos na academia. Aconsexóunos que deixara pasar unhas dous meses alexado daquelo, co tempo me curaba.*

*Cando estaba mellor fun a unhas clases particulares, non podía volver a aquel inferno. Ao pasaren algún tempo, topeime na rúa co mesmo Camilo. Preguntóme que facía. Dísenlle que viña dunha clase particular e me respondeu que tiña que regresar xa a academia, que si non, íbame a suspender todo o curso e repetir.*

*Na casa falamos moito diso. Eu non quería volver, dábame noxo e medo. Máis logo de falalo convenceume a idea de que ao seguinte curso íbame de alí. Só regresei con esa condición.*

*A miña ausencia tivo o resultado de que nin o Camilo nin outro profesor fíxome dano nin me levantou a voz. Nambergantes, a miña nai foi darme de baixa, mais él insistiulle en que non me fora ¡Seu fillo vale para o estudo! Fun firme, non quixen, alí non volvía máis. Reaccionou como un tolo. ¡Se o saca daqui non fará nada, nunca fará nada! ¡Non quería que me fora!"*

